



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 573

VIII legislatura

4 de novembro de 2011

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedimentos de natureza normativa

1.1 Leis e outras normas

1.1.1. Leis

Lei do Plan galego de estatística 2012-2016

[166162](#)

-Do G.P. Popular (doc. 72180) un total de 2 emendas. [166192](#)

-Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 72243) un total de 49 emendas. [166200](#)

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia (doc. núm. 70036, 08/PL-0034)

-Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 72245) un total de 77 emendas. [166205](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.1 Leis e outras normas

1.1.1. Leis

Lei do Plan galego de estatística 2012-2016

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011, aprobou, por 38 votos a favor, ningún en contra e 35 abstencións, a Lei do Plan galego de estatística 2012-2016.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Lei do Plan galego de estatística 2012-2016

Exposición de motivos

1

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27, número 6, a competencia exclusiva da estatística para os fins da Comunidade Autónoma.

En aplicación deste artigo, o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, e 16/2006, do 27 de decembro. Nela establecese que o Plan galego de estatística é o instrumento de ordenación e planificación desta actividade, mediante a progresiva constitución do sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus diferentes axentes institucionais.

Ata o momento, o Parlamento de Galicia aprobou tres plans para os períodos 1998-2001, 2002-2006 e 2007-2011, nos que se fixaba unha serie de obxectivos xerais e específicos, que se concretaron nos programas anuais.

Esgotado o terceiro plan, procede aprobar un novo para, mediante un sistema de planificación por obxectivos, crear, organizar e difundir o coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns en xeral. Para a consecución destes fins establecense obxectivos xerais de tres tipos: informativos, organizativos e instrumentais.

Os primeiros concrétanse a través de metas estatísticas para responder ás necesidades da sociedade galega sobre este tipo de información. Con elas búscase dotar de flexibilidade o plan para se adaptar á realidade cambiante e ofrecer solucións axeitadas aos escenarios que poidan xurdir da reflexión que se está a producir sobre o sistema estatístico no conxunto do Estado e sobre a súa articulación co europeo.

A finalidade dos segundos é contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais relacionadas coa estatística.

Por último, os obxectivos instrumentais procurarán asegurar a calidade e a conexión do sistema estatístico cos usuarios e cos informantes.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste plan axustarase aos principios e ás garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión dos resultados, establecidos no capítulo III da Lei de estatística de Galicia, así como ás recomendacións do Código de boas prácticas das estatísticas europeas, adoptado o 24 de febreiro de 2005 polo Comité do Programa Estatístico da Comisión Europea. Estes principios e recomendacións orientarán as actuacións de exploración de novos xeitos de obter información estatística lonxitudinal.

Así mesmo, a actividade que se realice en desenvolvemento deste plan debe prover información para que os cidadáns poidan exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións.

2

O Plan galego de estatística estrutúrase en tres títulos, unha disposición transitoria, unha derogatoria, seis derradeiras e tres anexos.

O título preliminar consta dun único capítulo de disposicións xerais, onde se pormenorizan o obxecto da lei, o seu ámbito de aplicación e as principais definicións.

Os títulos I e II correspóndense coas dimensíons do plan, coa planificación e coa ordenación da actividade estatística, respectivamente. O primeiro capítulo do título I agrupa os obxectivos do plan e o segundo establece como se satisfán mediante actuacións programadas anualmente. O título II inclúe catro capítulos sobre proxectos técnicos, recollida e cesión da información estatística, colaboración institucional e inventario de actividades.

Nos anexos figuran a estrutura temática do plan, a relación das metas de información e o inventario inicial de actividades estatísticas.

Título preliminar

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

1. O obxecto desta lei é regular e aprobar o Plan galego de estatística 2012-2016, instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia, así como modificar determinados preceptos da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

2. O Plan galego de estatística 2012-2016 constitúe o marco de colaboración institucional entre as entidades que forman parte da organización estatística de Galicia, segundo o artigo 37 da Lei de estatística de Galicia, e destas con outras entidades públicas locais, autonómicas ou estatais, así como europeas ou internacionais.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos desta lei enténdese por:

1. Actividades estatísticas: conxuntos de tarefas de compilación, elaboración e ordenación de datos ou outra información cuantificable, ademais da publicación e difusión dos resultados, conforme establece o artigo 2 da Lei de estatística de Galicia. Tamén se consideran como tales as que sexan previas ou complementarias das anteriores que non fosen incluídas dentro delas e legalmente esixibles ou tecnicamente necesarias para poder acadar os requirimentos que establecen as normas estatísticas. Igualmente,

incluiranse as de innovación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normalizador no eido estatístico. Clasífiicanse en operacións e outras actividades estatísticas.

2. Operación estatística: actividade ou conxunto de actividades estatísticas nas que algúna das administracións públicas galegas participa cando menos nunha fase da súa elaboración a maiores da de difusión. Deberá ademais estar clasificada dentro dalgún dos puntos seguintes, ou ser unha combinación deles:

- a) Censos.
- b) Enquisas por mostraxe.
- c) Toma directa de datos.
- d) Explotacións estatísticas de sistemas de información, rexistros administrativos ou directorios.
- e) De síntese: sistema de indicadores, números índice, contas económicas, proxeccións ou métodos de estimación indirecta.

3. Estado: característica que define o grao de desenvolvemento dunha operación. Unha operación estatística pode estar nos seguintes estados:

- a) En curso: operación periódica ou irregular con proxecto técnico que dá lugar a unha serie cronolóxica ou permite a comparanza temporal con outros períodos.
- b) En proxecto: operación nova que aínda non dispón de proxecto técnico.
- c) En implantación: operación que dispón de proxecto técnico pero que aínda non se pode considerar en curso, xa que non se difundiron resultados conforme o devandito proxecto.
- d) En cumprimento: operación feita no marco de convenios, acordos, decretos de transferencia ou calquera outro tipo de norma ou vínculo xurídico na que o proceso estatístico xa vén regulado por outra administración diferente á da Comunidade Autónoma.

e) En reestruturación: operación que viña estando en curso pero que vai sufrir cambios substanciais no seu proxecto técnico.

4. Outra actividade estatística: actividade que non se pode considerar operación por non concluir nunha difusión de resultados estatísticos ou por non participar ningunha das administracións públicas galegas na súa elaboración nalgúnha fase a maiores da de difusión.

5. Organización estatística de Galicia: tal e como se define na Lei de estatística de Galicia, está constituída polo Instituto Galego de Estatística, polos órganos estatísticos sectoriais e polo Consello Galego de Estatística.

Artigo 3. Período de aplicación do plan.

1. O Plan galego de estatística 2012-2016 formula os seus obxectivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016. Non obstante, quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte no suposto de non se aprobar un novo ao seu vencemento.

2. Para desenvolver este plan, o Consello da Xunta aprobará programas estatísticos anuais.

Artigo 4. Avaliación do plan.

O Instituto Galego de Estatística elaborará un informe de avaliación do Plan galego de estatística unha vez finalizado, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e poñerá en coñecemento do Parlamento de Galicia por medio dunha comparecencia específica.

Título I

Planificación da actividade estatística

Capítulo I Obxectivos

Artigo 5. Obxectivo central.

1. O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos

axentes económicos e sociais e dos cidadáns, adecuándose aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos informantes e garantindo o segredo estatístico.

2. Este obxectivo central desenvólvese en:

a) Obxectivos informativos, que se dirixirán a dar resposta a campos de coñecemento para o desenvolvemento e o benestar, delimitando os temas e as liñas de actuación salientes que deben abordar as estatísticas para responder ás demandas de información. Estes obxectivos determinan o contido das operacións e demais actividades.

b) Obxectivos organizativos, para mellorar a organización estatística de Galicia e conseguir un uso máis racional dos recursos e da información dispoñible.

c) Obxectivos instrumentais, dirixidos a asegurar a calidade das estatísticas e a súa conexión cos usuarios. Unha información de calidade proporcionará un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, e unha adecuada conexión cos usuarios favorecerá que os resultados respondan ás súas demandas. Estes obxectivos determinan a maneira de elaborar cada actuación concreta.

Artigo 6. Obxectivos informativos.

1. O plan inclúe as metas relacionadas no anexo 2, que constitúen obxectivos específicos de información. Para a súa avaliación consideraranse as actividades estatísticas incluídas nos programas anuais, sempre que a súa execución conduza á difusión de resultados. As metas de información clasifícanse nas áreas e nas seccións temáticas recollidas no anexo 1.

2. Segundo a disposición adicional primeira da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, as actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que prevenzan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

3. Ao abeiro do artigo 20 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, só excepcionalmente e mediante informe motivado e aprobado

polo órgano competente poderá xustificarse o incumprimento do disposto no punto anterior.

4. Profundarase, ademais, na análise da demografía, da estrutura, da concxuntura e do sector exterior da economía, como liñas de actuación salientables.

Artigo 7. Obxectivos organizativos.

Para mellorar a organización estatística establecense os seguintes obxectivos organizativos:

a) Consolidar e profesionalizar os órganos estatísticos sectoriais.

b) Mellorar e actualizar a formación en materia estatística dos membros da organización estatística da Administración autonómica e dos pertencentes aos organismos e entidades públicas dependentes das administracións local e universitaria de Galicia que realicen actividades no marco do plan e dos seus programas.

c) Mellorar a información e a comunicación dentro da organización estatística para desenvolver unha actividade máis estandarizada.

d) Realizar un uso estatístico máis eficiente dos rexistros e dos sistemas de información das distintas administracións públicas.

e) Potenciar as relacións cos axentes locais e cos diferentes órganos, entidades e institucións nacionais e internacionais relacionadas coa estatística, coa finalidade de impulsar, intercambiar e aplicar coñecementos e prácticas.

Artigo 8. Obxectivos instrumentais.

1. Para que a información estatística acade os requisitos de calidade recollidos no obxectivo central, establecense os seguintes obxectivos instrumentais:

a) Responder ás demandas de información deseñando a actividade estatística consonte as necesidades, ofrecendo retornos de valor e reducindo as molestias aos informantes.

b) Divulgar axeitadamente, respectando os prazos ou as datas de publicación, a información estatística de carácter oficial que teña como referencia Galicia.

c) Sensibilizar a sociedade mediante servizos e actividades que potencien o coñecemento a través da estatística.

d) Impulsar e realizar investigación estatística, tanto nos aspectos metodolóxicos e históricos como noutras ámbitos de interese para a Comunidade Autónoma que contribúan a mellorar o coñecemento da súa realidade demográfica, social, económica e ambiental.

e) Promover a normalización, homoxeneidade e posibilidade de comparación da información proporcionada polo sistema estatístico de Galicia respecto do estatal e do europeo.

f) Avanzar na estruturación informática do sistema estatístico de Galicia e dos sistemas de información.

g) Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, proporcionando a oferta estatística como un servizo electrónico.

h) Desenvolver a referenciación territorial da información estatística e avanzar na homoxeneización da desagregación territorial das actividades realizadas.

i) Desenvolver marcos e directorios de unidades estatísticas.

2. Estes obxectivos satisfaranse mediante a inclusión nos programas de actividades estatísticas vinculadas directamente con eles ou de actuacións concretas noutras de interese estatístico. Entre estas actuacións estará a incorporación da información estatística elaborada ao abeiro do plan dentro dun punto específico no sitio web de cada departamento.

Capítulo II Programas estatísticos anuais

Artigo 9. Operacións incluídas nos programas.

1. O plan desenvolverase mediante os programas anuais, que incorporarán unha relación das actividades estatísticas dirixidas a satisfacer as metas de información, así como o seu estado se proceder.

2. No programa determinarase para cada operación, agás se vai en proxecto, o seguinte:

- a) As metas de información.
- b) Os seus obxectivos concretos.
- c) Os ámbitos aos que se vai referir a información.
- d) A súa periodicidade.
- e) Os organismos responsables da súa execución.
- f) O orzamento estimado.

g) De ser o caso, as persoas ou as entidades obrigadas a subministrar información, así como a forma e os prazos nos que se debe subministrar. Cando proceda, incluirase tamén a compensación económica prevista no artigo 23 da Lei de estatística de Galicia.

h) A forma e o prazo de difusión, se a operación está en curso ou en cumprimento e se procede no ano natural correspondente ao programa.

3. Os programas incluirán as operacións en proxecto recollendo:

- a) As metas de información que se satisfarían.
- b) Os obxectivos previstos.
- c) Os ámbitos aos que se pretende referir a información.
- d) Os organismos responsables da súa execución.

Artigo 10. Outras actividades estatísticas incluídas nos programas.

1. Os programas incluirán outras actividades estatísticas recollendo:

- a) Os obxectivos informativos ou instrumentais aos que se vinculan.
- b) Os seus obxectivos concretos.

c) O resultado final da actividade.

d) Os organismos responsables da súa execución.

2. Os programas incluirán as actividades de interese estatístico vinculadas ás liñas de actuación salientables.

3. Os programas poderán incluir outras actividades de interese estatístico vinculadas aos demais obxectivos do plan.

Artigo 11. Aprobación e vixencia dos programas.

1. O proxecto de cada programa será elaborado polo Instituto Galego de Estatística, logo do informe do Consello Galego de Estatística.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta, por proposta do titular da Consellería de Facenda, aprobar por decreto os programas.

3. A vixencia de cada programa coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga respecto das operacións que pola súa natureza sexa necesario continuar.

Artigo 12. Seguimiento dos programas.

O Instituto Galego de Estatística realizará un informe anual de seguimiento de cada programa para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística. Deste informe daráselle conta ao Parlamento de Galicia.

Artigo 13. Execución dos programas.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, así como os outros organismos e entidades públicas dependentes das administracións local e universitaria de Galicia, desenvolverán as actividades estatísticas encomendadas nos programas, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante a formulación de acordos, convenios ou contratos. Todos eles quedarán obligados ao cumprimento do segredo estatístico, áinda logo de concluíren os devanditos acordos, convenios ou contratos.

2. O Instituto Galego de Estatística será, con carácter xeral, o organismo responsable das operacións cuxo

ámbito de investigación implique simultaneamente varios sectores económicos ou ámbitos sociais. As operacións de carácter sectorial serán executadas preferentemente polos departamentos, organismos ou entidades públicas que sexan competentes na materia ou que, do exercicio das súas competencias, obteñan información susceptible de explotación estatística.

3. A inclusión dunha actividade estatística nun programa, así como a súa realización, estarán suxeitas, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias e organizativas.

Título II Ordenación da actividade estatística

Capítulo I Proxecto técnico

Artigo 14. Proxecto técnico.

1. As operacións estatísticas que se inclúan nos programas, agás as que se incorporen en proxecto, disporán do seu correspondente proxecto técnico.-

2. O proxecto técnico sistematizará os procedementos de execución de cada operación. Deberá especificar as metas de información e conter, cando proceda, a forma na que se abordará a perspectiva de xénero e o soporte empregado para recoller datos individualizados da poboación obxecto de estudio.

3. O Instituto Galego de Estatística, de acordo cos seus recursos, prestará asistencia na redacción dos proxectos do resto dos axentes do sistema e elevaños á consideración do Consello Galego de Estatística. Para que unha operación nova pase a estar en curso, deberá ter un proxecto técnico visto polo Consello Galego de Estatística, en cuxo caso terá carácter público.

4. Coa finalidade de construír un sistema integrado de contas económicas, o Instituto Galego de Estatística deberá participar na elaboración e na execución de todos os proxectos técnicos relativos ás operacións de síntese desta clase.

Artigo 15. Operacións estatísticas oficiais e aprobación de resultados.

1. As operacións incluídas nos programas con proxecto técnico consideraranse oficiais tras a publicación dos seus resultados.

2. Os resultados das operacións oficiais que sexan de aplicación obrigatoria ás relacións e ás situacións xurídicas nas que a Comunidade Autónoma teña competencia para imponerlos deberán ser obxecto de aprobación expresa de acordo co seguinte procedemento:

a) As propostas de aprobación deben ser presentadas previamente polos organismos responsables ao Instituto Galego de Estatística, que emitirá un informe preceptivo sobre o cumprimento das normas estatísticas que sexan aplicables.

b) Para elaborar este informe, o Instituto Galego de Estatística poderá requirir toda a información que considere necesaria do organismo ou da entidade pública responsable da operación.

c) Se o informe é favorable, o Instituto Galego de Estatística aprobará con carácter provisional os resultados, dos que se informará ao Consello Galego de Estatística e ao Consello da Xunta. Se, transcorrido o prazo de tres meses, non se reciben obxeccións expresas, quedarán aprobados definitivamente e serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Capítulo II Recollida e cesión da información estatística

Artigo 16. Colaboración cidadá.

Segundo se establece na Lei de estatística de Galicia, as estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e nos programas anuais terán, para a súa elaboración, a obrigatoriedade de colaboración cidadá. A información que deberá ser subministrada, así como a forma e o prazo nos que se subministrará, axustaranse ao establecido nas normas reguladoras da estatística. En cada programa especificaranse os colectivos de persoas, de empresas ou doutras entidades que están obrigados a subministrar información.

Artigo 17. Datos de orixe administrativa.

Cando para realizar operacións previstas nos programas sexa necesario utilizar datos que consten nas fontes

administrativas, os órganos, as autoridades e os funcionarios encargados da súa custodia prestarán a máis rápida e áxil colaboración aos organismos responsables da súa execución.

Artigo 18. Cesión da información estatística.

A información sometida ao segredo estatístico, nos termos que establece a Lei de estatística de Galicia, só se poderá ceder para a elaboración dunha operación incorporada nos programas á unidade responsable da súa realización, sempre que sexa necesario e a unidade forme parte da organización estatística de Galicia. Tamén se podrá ceder información no marco de acordos e convenios entre organismos públicos competentes en materia estatística.

Capítulo III Colaboración institucional

Artigo 19. Convenios e acordos.

1. O Instituto Galego de Estatística deberá ser informado con carácter previo de todos os convenios e acordos que en materia estatística formalice calquera órgano da Administración autonómica.

2. As actividades estatísticas derivadas destes convenios ou acordos quedarán amparadas por esta lei e incluiranse nos programas anuais, logo do informe favorable do Instituto Galego de Estatística.

Artigo 20. Colaboración institucional.

1. No ámbito das súas competencias, a organización estatística de Galicia poderá colaborar co Instituto Nacional de Estatística e con outras entidades e organizacións locais, autonómicas, estatais, europeas ou internacionais. Farase especial énfase na cooperación transfronteiriza coa rexión norte de Portugal.

2. No ámbito das súas competencias, se é de interese para o cumprimento dos obxectivos deste plan, a organización estatística de Galicia poderá establecer unha colaboración con entidades e organizacións privadas.

Artigo 21. Planificación.

1. O Instituto Galego de Estatística e os órganos estatísticos sectoriais que corresponda deberán ser informados previamente de todos os plans de carácter xeral, por abrangueren varios ámbitos ou sectores, que formalicen os órganos da Administración autonómica, cando poidan precisar información elaborada ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística.

2. Para que o sistema estatístico de Galicia provexa información para estes plans, esta deberá ser incluída nos programas como operación do tipo sistema de indicadores, independentemente de que haxa unha meta de información prevista.

Artigo 22. Creación de rexistros e sistemas de información.

Para garantir o cumprimento dos criterios recollidos no artigo 5.1, o Instituto Galego de Estatística e o órgano estatístico sectorial que corresponda deberán ser consultados, con carácter previo, dos rexistros administrativos e dos sistemas de información dos que poidan derivar datos relevantes para efectos estatísticos creados polos órganos da Administración xeral e do sector público autonómico.

Capítulo IV Inventario de actividades estatísticas

Artigo 23. Inventario de actividades estatísticas.

1. O inventario será o marco de actuación da Comunidade Autónoma e nel reflectiranse as actividades estatísticas dos programas anuais.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, así como os outros organismos e entidades públicas dependentes das administracións local e universitaria de Galicia, facilitaranlle ao Instituto Galego de Estatística información sobre a actividade estatística que realizan, co fin de contribuír a un maior coñecemento desta e de proceder ao seu inventario, de ser o caso.

Artigo 24. Contido.

1. Cada operación estatística deberá conter:

a) O nome.

b) Os organismos responsables.

c) As metas de información.

d) Os obxectivos.

e) A periodicidade.

f) Os cuestionarios, cando proceda.

2. As outras actividades estatísticas deberán conter:

a) O nome.

b) Os organismos responsables.

c) Os obxectivos.

Artigo 25. Altas.

1. No anexo 3 figuran as operacións en curso ou en cumprimento e as outras actividades estatísticas herdadas do anterior plan que formarán parte do inventario inicial. Unha actividade causará alta no inventario cando apareza por primeira vez nun programa. As operacións daranse de alta en proxecto ou en implantación, agás as que se poidan introducir en cumprimento e dispoñan da súa metodoloxía.

2. Unha actividade poderá ser inventariada cando na normativa de creación dun rexistro administrativo ou dun sistema de información se prevexa a posibilidade de realizar unha estatística e se determine o organismo responsable.

Artigo 26. Modificacións.

1. Con cada programa anual modificaránse os datos que corresponda do inventario. Para cambiar a periodicidade ou deixar de programar unha operación, o organismo responsable deberá comunicar ao Instituto Galego de Estatística estas circunstancias, xustificándoas. Delas daráselle conta ao Consello Galego de Estatística.

2. O estado das operacións do inventario evolucionará segundo a situación do seu proxecto técnico.

Disposición transitoria

As operacións que, figurando no estado en curso no marco do Plan galego de estatística 2007-2011, non rematasen o seu proxecto técnico introduciránse neste mesmo estado no programa do 2012. Se cando finalice este programa non o teñen pechado, deberán pasar a programarse en proxecto.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei e, expresamente, a Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011, sen prexuízo do que se refire á execución e ao seguimento do Programa anual 2011 e á avaliación do Plan galego de estatística 2007-2011.

Disposición derradeira primeira

Modifícase o artigo 2 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“Artigo 2

Para os efectos desta lei, enténdese por actividade estatística a recompilación, elaboración e ordenación sistemática da información cuantificable, a publicación e difusión de resultados necesarios ou útiles para o coñecemento cuantitativo, a análise das realidades demográfica, agraria, pesqueira, industrial, comercial, financeira, de servizos, social, cultural e ambiental de Galicia e, en xeral, calquera cuestión referida ás condicións de vida, fins e competencias da Comunidade Autónoma.”

Disposición derradeira segunda

Engádenseslle dúas letras, ñ) e o), ao punto 1 do artigo 47 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, para incluír:

“ñ) Un/Unha representante designado/a por cada un dos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

o) O/A presidente/a da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións.”

Disposición derradeira terceira

Modifícase o punto 2 do artigo 48 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“2. As xuntanzas do pleno serán ordinarias e extraordinarias e terán lugar, en todo caso, por convocatoria da presidencia. Das ordinarias realizarase cando menos unha ao ano, ou dúas se nese ano non se reúne a comisión permanente. As extraordinarias realizaranse por instancia da metade dos membros do consello ou da maioría dos da súa comisión permanente, ou por iniciativa da presidencia.

Os acordos do pleno tomaranse por maioría simple, sendo dirimente o voto da presidencia no caso de empate.”

Disposición derradeira cuarta

Modifícase o punto 5 do artigo 48 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“5. O consello, ademais dos informes técnicos que faga no desenvolvemento das súas competencias, elaborará anualmente unha memoria sobre a actividade da organización estatística de Galicia, que se fará pública.”

Disposición derradeira quinta

Autorízase o Consello da Xunta para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.

Disposición derradeira sexta

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Anexo 1

Estrutura temática

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

Sección 1.1 Territorio e recursos naturais

Sección 1.2 Medio ambiente

Área 2. Sociedade

Sección 2.1 Poboación e fogares

Sección 2.2 Sanidade

Sección 2.3 Educación e capital humano

Sección 2.4 Traballo

Sección 2.5 Condicións sociais

Sección 2.6 Cultura e lecer

Sección 2.7 Vivenda

Área 3. Estrutura produtiva

Sección 3.1 Sector agrario

Sección 3.2 Pesca e acuicultura

Sección 3.3 Enerxía e industria

Sección 3.4 Construcción

Sección 3.5 Servizos de mercado

Sección 3.6 Administración pública e outros servizos non de mercado

Sección 3.7 Mercados e prezos

Sección 3.8 Actividade empresarial

Sección 3.9 Sistema de contas

Área 4. Coñecemento e tecnoloxía

Sección 4.1 Sociedade da información

Sección 4.2 Ciencia e tecnoloxía

Anexo 2	2.1.1 Estática e dinámica da poboación
Metas de información estatística	2.1.2 Estrutura dos fogares
Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente	2.1.3 Dinámica dos fogares
Sección 1.1 Territorio e recursos naturais	2.1.4 Proxeccións demográficas
1.1.1 Territorio	Sección 2.2 Sanidade
1.1.2 Oferta e demanda de solo	2.2.1 Asistencia sanitaria
1.1.3 Estradas	2.2.2 Listas de espera
1.1.4 Portos e outras infraestruturas	2.2.3 Prestación farmacéutica
1.1.5 Estática e dinámica forestal. Superficies e repobacións	2.2.4 Estado xeral de saúde da poboación
1.1.6 Incendios forestais	2.2.5 Morbilidade
1.1.7 Montes veciñais e comunidades de montes	2.2.6 Mortalidade por causas
1.1.8 Caza e pesca continental	2.2.7 Consumo de drogas e asistencia ás persoas drogo-dependentes
1.1.9 Recursos naturais e biodiversidade	Sección 2.3 Educación e capital humano
Sección 1.2 Medio ambiente	2.3.1 Ensino preobrigatorio
1.2.1 Climatoloxía	2.3.2 Ensino obligatorio
1.2.2 Calidade do aire	2.3.3 Ensino postobrigatorio non universitario
1.2.3 Reservas de auga	2.3.4 Acceso á universidade. Oferta e demanda de titulacións
1.2.4 Calidade e depuración da auga	2.3.5 Ensino universitario
1.2.5 Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe	2.3.6 Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral
1.2.6 Infraccións e impacto ambiental	2.3.7 Outros tipos de formación, coa inclusión da realizada no seo das empresas
1.2.7 Hábitos e prácticas ambientais	Sección 2.4 Traballo
Área 2. Sociedade	2.4.1 Caracterización do mercado laboral
Sección 2.1 Poboación e fogares	

- 2.4.2 Accidentes laborais e enfermidades profesionais
- 2.4.3 Accións preventivas en sinistralidade laboral
- 2.4.4 Incapacidades por enfermidade
- 2.4.5 Salarios
- 2.4.6 Outras condicións laborais
- 2.4.7 Flexibilidade na aplicación das condicións laborais
- 2.4.8 Concertación laboral
- 2.4.9 Eleccións sindicais
- 2.4.10 Folgas e peches patronais
- 2.4.11 Infraccións e sancións
- 2.4.12 Regulación de emprego
- 2.4.13 Persoas traballadoras estranxeiras
- Sección 2.5 Condicións sociais
- 2.5.1 Ingresos e gastos dos fogares
- 2.5.2 Benestar
- 2.5.3 Pensións e outras prestacións
- 2.5.4 Emprego do tempo
- 2.5.5 Desprazamentos por razón de traballo e outros tipos de mobilidade
- 2.5.6 Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais
- 2.5.7 Discapacidade
- 2.5.8 Violencia de xénero
- 2.5.9 Conciliación familiar e laboral
- 2.5.10 Capital social e participación cidadá
- 2.5.11 Xustiza e seguridade
- Sección 2.6 Cultura e lecer
- 2.6.1 Equipamentos e recursos culturais
- 2.6.2 Equipamentos e recursos deportivos e para o lecer
- 2.6.3 Hábitos e prácticas culturais
- 2.6.4 Hábitos e prácticas deportivas e de lecer
- 2.6.5 Prácticas lingüísticas
- 2.6.6 Produción e oferta audiovisuais
- 2.6.7 Outras producións e ofertas culturais
- Sección 2.7 Vivenda
- 2.7.1 Parque de vivendas
- 2.7.2 Demanda e acceso á vivenda
- 2.7.3 Equipamento e características das vivendas
- Área 3. Estrutura produtiva
- Sección 3.1 Sector agrario
- 3.1.1 Superficies agrarias
- 3.1.2 Efectivos gandeiros
- 3.1.3 Maquinaria e outro capital agrario
- 3.1.4 Producións e rendementos vexetais
- 3.1.5 Sacrificio de gando
- 3.1.6 Produción de leite
- 3.1.7 Outras producións e rendementos animais

- 3.1.8 Producción ecolólica e de calidad
- 3.1.9 Características das explotacións agrarias
- Sección 3.2 Pesca e acuicultura
- 3.2.1 Buques pesqueiros
- 3.2.2 Establecementos de acuicultura
- 3.2.3 Primeira venda de produtos pesqueiros
- 3.2.4 Características das unidades de producción
- 3.2.5 Ocupación no sector da pesca
- Sección 3.3 Enerxía e industria
- 3.3.1 Produción, distribución e consumo de enerxía
- 3.3.2 Enerxías renovable e non renovable
- 3.3.3 Caracterización do subsector mineiro
- 3.3.4 Subsector industrial relacionado co sector primario
- 3.3.5 Outras industrias manufactureiras
- Sección 3.4 Construcción
- 3.4.1 Edificación residencial e non residencial
- 3.4.2 Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído
- 3.4.3 Enxeñaría civil
- Sección 3.5 Servizos de mercado
- 3.5.1 Comercio interior
- 3.5.2 Transporte de mercadorías e de pasaxeiro
- 3.5.3 Infraestruturas turística e hostaleira
- 3.5.4 Movemento de viaxeiros. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados
- 3.5.5 Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado
- Sección 3.6 Administración pública e outros servizos non de mercado
- 3.6.1 Administración autonómica
- 3.6.2 Administración local
- 3.6.3 Administración universitaria
- 3.6.4 Institucións sen fins de lucro
- 3.6.5 Ingresos tributarios e non tributarios
- 3.6.6 Recursos e gasto na educación
- 3.6.7 Recursos e gasto na sanidade
- 3.6.8 Recursos e gasto nas infraestruturas
- 3.6.9 Recursos e gasto na I+D+i
- 3.6.10 Recursos e gasto noutras áreas de especial interese
- 3.6.11 Cooperación externa
- Sección 3.7 Mercados e prezos
- 3.7.1 Intercambios comerciais
- 3.7.2 Prezos no sector primario
- 3.7.3 Prezos no sector da construcción e da vivenda
- 3.7.4 Prezos no sector externo
- 3.7.5 Prezos no sector enerxético
- 3.7.6 Prezos noutros sectores
- 3.7.7 Nivel xeral de prezos
- 3.7.8 Competitividade

Anexo 3

Sección 3.8 Actividade empresarial	Actividades estatísticas consolidadas
3.8.1 Estrutura e caracterización do sector empresarial	1. Operacións estatísticas
3.8.2 Convención empresarial	Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma
3.8.3 Cooperativas, sociedades laborais e outras formas asociativas	Reservas de auga
Sección 3.9 Sistema de contas	Indicadores demográficos
3.9.1 Contas económicas	Proxeccións de poboación a curto prazo
3.9.2 Marco <i>input-output</i>	Sistema de información sobre a lista de espera cirúrgica
3.9.3 Sectores institucionais	Enquisa de cobertura vacinal
3.9.4 Contas satélite	Explotación do Rexistro Galego da Sida
Área 4. Coñecemento e tecnoloxía	Explotación do Rexistro Galego de Tuberculose
Sección 4.1 Sociedade da información	Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas
4.1.1 Sociedade da información nos fogares	Estatística do ensino non universitario en Galicia
4.1.2 Sociedade da información nas empresas	Datos estadísticos do sistema universitario de Galicia
4.1.3 Sociedade da información nas administracións	Inserción laboral dos titulados de formación profesional
4.1.4 Sociedade da información no sistema educativo	Sinistralidade laboral
4.1.5 Sociedade da información no sistema sanitario	Datos sobre ocupacións más contratadas
4.1.6 Sociedade da información no medio rural	Persoal ao servizo da Administración autonómica
Sección 4.2 Ciencia e tecnoloxía	Enquisa de poboación activa de Galicia
4.2.1 I+D+i nas empresas	Explotación do censo de persoas con discapacidade
4.2.2 I+D+i nas administracións	Estatística de protección de menores
4.2.3 I+D+i na universidade	Enquisa de condicións de vida
4.2.4 Comercio externo de produtos tecnolóxicos	

Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social	Prezos do leite
Estatística de violencia de xénero	Explotación do directorio de empresas e unidades locais
Indicadores de xénero	Confianza empresarial
Indicadores de cohesión social	Indicadores do sector empresarial
Superficies agrícolas	Contas económicas anuais
Sector cunícola	Contas económicas trimestrais
Sector porcino industrial	Marco <i>input-output</i>
Estatística de sacrificio de gando en matadoiros	Contas económicas da agricultura
Explotación do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma	Sistema de indicadores da sociedade da información
Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos	Situación das TIC nos centros sanitarios
Balance enerxético	Situación da certificación en Galicia
Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial	2. Outras actividades estatísticas
Estatística de construcción de edificios	Explotación do Rexistro de Contratos Laborais
Indicadores da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma	Informe do paro rexistrado
Estatística tributaria autonómica	Utilización de medios de producción na explotación agraria
Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora	Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes
Índices de competitividade	Banco de series de concxuntura
Índices de valor unitario para o comercio exterior e intra-comunitario	Atlas estatístico comarcal
Prezos agrarios	Portal estatístico para o mundo educativo
Prezos da terra	Banco de datos territorial
	Estudo sobre salarios
	Seguimiento e análise da construcción

Informe das variacións do índice de prezos de consumo	Galicia aberta: a emigración en cifras
Accesibilidade á vivenda	Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil
Indicadores do mercado laboral	Análise do marco <i>input-output</i>
Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia	Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación de áreas pequenas
Asistencia xurídica gratuita	Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación e predición de agregados macroeconómicos
Indicadores ambientais	Traducións ao galego de nomenclaturas e clasificacións
Negociación colectiva	Vocabulario estatístico
A enerxía en Galicia	Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011
Indicadores de contexto do Plan estratéxico	Pilar Rojo Noguera
Explotación do movemento natural da poboación	Presidenta
Explotación dos movementos migratorios	Ley del Plan gallego de estadística 2012-2016
Explotación das afiliacións á Seguridade Social	Exposición de motivos
Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario	1
Pensiones e outras prestacións	El Estatuto de autonomía de Galicia contempla en su artículo 27, número 6, la competencia exclusiva de la estadística para los fines de la Comunidad Autónoma.
Cuentas económicas anuales	Indicadores del mercado laboral
Cuentas económicas trimestrales	Observatorio de la Sociedad de la Información y de la Modernización de Galicia
	Asistencia jurídica gratuita
	Indicadores ambientales

Negociación colectiva	Traducciones al gallego de nomenclaturas y clasificaciones
La energía en Galicia	Vocabulario estadístico
Indicadores de contexto del Plan estratégico	Santiago de Compostela, 2 de noviembre de 2011
Explotación del movimiento natural de la población	
Explotación de los movimientos migratorios	Pilar Rojo Noguera Presidenta
Explotación de las afiliaciones a la Seguridad Social	
Explotación de los datos del comercio exterior e intracommunitario	1.2. Proxectos e proposicións de lei 1.2.1. Proxectos de lei
Pensiones y otras prestaciones	A Mesa da Comisión 6. ^a , Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 3 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:
Explotación del índice de producción industrial	Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia (doc. núm. 70036, 08/PL-0034)
Anuario de estadística agraria	- 08/PL-0034(70036) Presidencia da Xunta de Galicia Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia BOPG núm. 537, do 13.09.2011
Anuario de pesca	Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:
Galicia en cifras. Anuario	Emendas ao articulado (un total de 128).
Datos estadísticos básicos de Galicia	-Do G.P. Popular (doc. 72180) un total de 2 emendas.
Tendencias del empleo	-Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 72243) un total de 49 emendas.
Anuario de estadísticas sociolaborales	-Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 72245) un total de 77 emendas.
La realidad de la mujer gallega	
Galicia abierta: la emigración en cifras	
Estudio sobre la relación con la actividad de la población juvenil	Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011
Análisis del marco <i>input-output</i>	Pilar Rojo Noguera Presidenta
Investigación y desarrollo de métodos de estimación de áreas pequeñas	
Investigación y desarrollo de métodos de estimación y predicción de agregados macroeconómicos	



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DA POLÍTICA
INDUSTRIAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0034).**

Emenda nº1, ao apartado 3.e), de Substitución. Artigo 15

Débese substituir o texto do subapartado e), dentro do apartado 3, do artigo 15, polo que segue a continuación:

"e) Tres persoas propostas do seguinte xeito: unha polas Entidades locais galegas a través da súa entidade asociativa mais representativa, unha polos colexios profesionais que disciplinen profesións vinculadas ao ámbito industrial a través da súa entidade asociativa mais representativa, e unha última polas institucións, públicas ou privadas, relacionadas co estudo e análise das políticas industriais."

Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Débese modificar o texto do apartado 2 da Disposición derradeira primeira, no seguinte senso:

Onde di:

"c) As instalacións, equipos, actividades, procesos e produtos industriais que empreguen ou incorporen elementos, mecanismos ou técnicas susceptibles de producir danos ou prexuízos ás persoas, flora, fauna, bens ou ao medio ambiente, derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou equipos e da producción, uso ou consumo, almacenamento ou refugallos dos produtos industriais."

Debe dicir:

"c) As instalacións, equipos, actividades, procesos e produtos industriais que empreguen ou incorporen elementos, mecanismos ou técnicas susceptibles de producir danos ou prexuízos ás persoas, flora, fauna, bens ou ao medio ambiente, estean ou non asociados a unha actividade industrial, ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou



equipos e da producción, uso ou consumo, almacenamento ou refugallos dos produtos industriais."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2011 10:03:43



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DA
POLÍTICA INDUSTRIAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0034).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Esta lei ten por obxecto crear un marco normativo que regule a actuación pública relativa á actividade industrial e a relación con axentes privados singularmente relevantes no ámbito da actividade industrial e deseñar os instrumentos precisos para a eficaz e eficiente realización das actividades de planificación e promoción no ámbito das competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 2

Débese engadir, no punto f), logo de:

"como centros de formación ou unidades de investigación públicas ou privadas," a seguinte verba:
"universidades"

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Esta lei aplícase ás actividades da Administración xeral da Comunidade Autónoma, das administracións locais e dos entes do sector público e privado con incidencia sobre o tecido industrial galego, en todo aquilo non previsto pola correspondente lexislación específica."



Emenda nº4, de Substitución. Artigo 4

Débese corrixir a relación das letras dos epígrafes, xa que a "j"
non existe, non forma parte do alfabeto galego.

Emenda nº5, ao apartado g), de Adición. Artigo 4

Débese engadir no apartado g), logo de:

"Procurar a cohesión social" a seguinte expresión:
"e territorial"

Emenda nº6, ao apartado h), de Adición. Artigo 4

Débese engadir no apartado h), logo de:

"Garantir a participación" a seguinte expresión:
"e seguimento"

Emenda nº7, ao apartado i), de Substitución. Artigo 4

Débese substituir o texto do apartado i) polo seguinte texto:

"i) Fomentar a creación e o desenvolvemento, entre outros, de conglomerados produtivos especializados, mediante a potenciación de clústers, polos de competitividade, sistemas produtivos locais, redes tecnolóxicas e de coñecemento, asociacións de interese económico e grupos empresariais."

Emenda nº8, ao apartado l), de Adición. Artigo 4

Débese engadir un apartado l) co seguinte texto:

"l) Impulsar o aproveitamento positivo dos recursos endóxenos."



Emenda nº9, ao apartado m), de Adición. Artigo 4

Débese engadir un apartado m) co seguinte texto:

"m) Apoiar as empresas en crise."

Emenda nº10, ao apartado 2.c), de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir no apartado 2.c) a seguinte expresión:

"e autorizar a súa implantación"

Emenda nº11, ao apartado 2.c), de Substitución. Artigo 6

Débese substituir no apartado 2.c) a seguinte expresión:

Onde pon: "proxectos industriais enerxéticos", debe dicir:
"proxectos de interese xeral"

Emenda nº12, ao apartado 2.e), de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir no apartado 2.e) a seguinte expresión:

"e propoñer a autorización de implantación deste."

Emenda nº13, ao apartado 2.e), de Substitución. Artigo 7

Débese substituir no apartado 2.e) a seguinte expresión:

Onde di: "proxecto industrial estratéxico" debe dicir: "proxecto de interese xeral"



Emenda nº14, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 8

Débese engadirse no apartado 2.b) o seguinte texto:

"sempre que favorezan a consolidación dos seus centros de decisión e do valor engadido en Galicia."

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 10

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº16, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº17, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº19, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o artigo.



Emenda nº21, de Substitución. Capítulo V

Débese substituir o texto do Capítulo polo seguinte:

"“Entidades empresariais de desenvolvimento do tecido industrial galego”

Emenda nº22, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 21

Débese substituir, no punto 1 onde di:

"bianualmente", debe dicir: "bienalmente"

Emenda nº23, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir no apartado 2.b) a seguinte verba:

"Posibles"

Emenda nº24, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 21

Débese substituir, no punto 3 a seguinte expresión:

Onde di: "Consello Galego de Industria", debe dicir: "Consello Económico e Social"

Emenda nº25, ao apartado 2.i), de Adición. Artigo 24

Débese engadir un apartado i) co seguinte texto:

"i) Apoiar as empresas en crise."

Emenda nº26, ao apartado 2.I), de Adición. Artigo 24



Débese engadir un apartado I) co seguinte texto:

"I) Desenvolver actuacións para evitar as deslocalizacións empresariais."

Emenda nº27, ao apartado 3, de Adición. Artigo 26

Débese engadir ao inicio do punto 3 o seguinte texto:

"A dirección xeral remitirá o anteproxecto de Plan director de Industria de Galicia ao Consello Económico e Social, para que este emita..."

Emenda nº28, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 26

Débese engadir un punto 3 bis co seguinte texto:

"3 bis. A dirección xeral remitirá o anteproxecto de Plan director da industria de Galicia ao Parlamento galego para o seu debate e aprobación."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 27

Débese engadir, logo de onde pon: "por proposta da consellaría competente en materia de industria," a seguinte expresión:

"e logo da obtención dun informe previo e preceptivo do Consello Económico e Social e do debate e aprobación no Parlamento galego..."

Emenda nº30, de Substitución. Artigo 33

Débese substituir a letra "j", xa que non forma parte do alfabeto galego.



Emenda nº31, ao apartado 1, de Adición. Artigo 36

Débese engadir no punto 1, logo de onde pon: "cando resulte obrigado para o cumprimento de obrigas derivadas", a seguinte expresión:

"de leis básicas, da normativa ambiental galega,..."

Emenda nº32, de Substitución. Capítulo III

Débese substituir o nome do Capítulo polo seguinte:

"Os proxectos de interese xeral"

Emenda nº33, de Substitución. Artigo 40

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"O conselleiro ou conselleira do departamento competente en materia de industria, sen prexuízo das competencias atribuídas aos distintos departamentos, pode propoñer ao Goberno, para a súa aprobación, proxectos de interese xeral co obxectivo de crear infraestruturas que favorezan especialmente as pequenas e medianas empresas industriais, a instalación de industrias con características singulares ou os proxectos que favorezan a transformación sectorial, a diversificación ou o desenvolvemento tecnolóxico do tecido industrial galego."

Emenda nº34, de Supresión. Artigo 41

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº35, de Supresión. Artigo 42

Débese suprimir o artigo.



Emenda nº36, de Supresión. Disposición adicional terceira

Débese suprimir íntegra a Disposición Adicional Terceira.

Emenda nº37, de Adición. Disposición adicional cuarta

Débese engadir unha nova Disposición adicional cuarta co seguinte texto:

"Considérase o Consello Económico e Social como órgano de participación dos axentes públicos e privados implicados na planificación, seguimento e execución da política industrial da Comunidade Autónoma e de asesoramento neste ámbito ao Consello da Xunta de Galicia e á consellaría competente en materia de industria."

Emenda nº38, ao apartado 1, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débese engadir no punto 1, despois de: "instalación, modificación," a seguinte verba:
"traslado"

Emenda nº39, ao apartado 2.c), de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débese substituir no apartado 2.c) a seguinte expresión:

Onde di: "derivados da actividade industrial", debe dicir:
"estean ou non asociados a unha actividade industrial"

Emenda nº40, ao apartado 3.9, de Substitución. Disposición derradeira primera

Débese substituir no punto 3.9 a letra "k", por non formar parte do alfabeto galego.



Emenda nº41, ao apartado 3.10, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir o punto 3.10

Emenda nº42, ao apartado 1, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no parágrafo 4 do punto 1, onde di: "eliminación de barreiras legais" por:

"mellora e axilidade na tramitación legal"

Emenda nº43, ao apartado 1, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no derradeiro parágrafo do punto 1, despois de "á política de clústers", o seguinte texto:

"e a outras formas de asociacionismo"

Emenda nº44, ao apartado 1, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do primeiro parágrafo do punto 1 o seguinte texto:

"como veñen reflectindo os datos negativos no índice de producción industrial."

Emenda nº45, ao apartado 2, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do quinto parágrafo do punto 2.



Emenda nº46, ao apartado 2, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do primeiro parágrafo do punto 2, a seguinte expresión:

"a audiovisual"

Emenda nº47, ao apartado 3, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no parágrafo terceiro do punto 3 a seguinte expresión:

"o Consello Galego de Industria que se crea pola presente Lei"

Emenda nº48, ao apartado 3, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no sexto parágrafo do punto 3, a seguinte expresión:

"e impedir que a constitución e funcionamento do Consello Galego de Industria supoña maior gasto."

Emenda nº49, ao apartado 3, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no quinto parágrafo do punto 3, onde di: "e contempla a figura dos proxectos industriais estratégicos", por:

"e prevé a figura dos proxectos de interese xeral"

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2011 10:00
Nº Rexistro: 72243
Data envio: 14/10/2011 19:50:07



Fernando Branco Parga na data 14/10/2011 13:34:49

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/10/2011
13:34:58**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DA
POLÍTICA INDUSTRIAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0034).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia

Proponse a modificación do título da lei, que se substituiría polo seguinte:

"Proxecto de lei de planificación industrial de Galicia"

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 1

O contido do artigo 1 débese substituír polo seguinte texto:

"A presenta lei ten por obxecto regular o marco normativo e establecer os principios da actuación pública na actividade industrial e nos servizos dirixidos á producción, no ámbito das competencias que o Estatuto de autonomía atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 2

Engadir in fine na letra a) o seguinte texto:

"..., e as actividades de servizos empresariais en coñecemento, as actividades en servizos operativos e de xestión de instalacións produtivas."

Emenda nº4, de Modificación. Artigo 2

Débese substituír o contido da letra d) polo seguinte texto:



"d) Microempresa, pequena empresa e mediana empresa: As empresas que compran os requisitos establecidos pola Recomendación da Comisión 2003/361/CE, de 6 de maio ou a que con posterioridade se poida establecer."

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 2

A letra e) débese suprimir.

Emenda nº6, de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir o segundo parágrafo da letra f)

Emenda nº7, de Adición. Artigo 3

Na terceira liña, despois de:"... tecido industrial galego, ...", débese engadir: "..., e de servizos dirixidos á producción, ..."

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 4

O contido da letra g) débese substituír polo seguinte texto:

"g) Procurar a cohesión social, o equilibrio territorial, a creación e o mantemento de postos de traballo de calidade."

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 4

O contido da letra i), débese substituír polo seguinte texto:

"i) Fomentar a creación e desenvolvemento, entre outros, de conglomerados produtivos especializados, mediante a creación de clúster, polos de competitividade, sistemas produtivos locais, redes tecnolóxicas e de coñecemento, asociacións de interese económico e grupos empresariais."



Emenda nº10, de Adición. Artigo 4

Adición dunha nova letra k) bis, que terá o seguinte contido:

"k) bis. Acelerar a adaptación da actividade industrial e dos servizos dirixidos á producción, aos cambios estruturais, con pulo da innovación e do valor engadido."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 4

Engadir unha nova letra k) ter, que terá o seguinte contido:

"Impulsar a aplicación dos resultados da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na industria, e nos servizos dirixidos á producción."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra k) quarter, que terá o seguinte contido:

"k) quarter. Contribuír a potenciar o capital humano das empresas e o desenvolvemento do talento e da creatividade."

Emenda nº13, de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra k) quintus, que terá o seguinte contido:

"k) quintus. Definir un contorno favorable á creación de empresas vinculadas á tecnoloxía, o coñecemento e a creatividade."

Emenda nº14, de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra k) sextus, que terá o seguinte contido:



k) sextus. Impulsar unha política común de recursos e estruturas tecnolóxicas e de promoción industrial que implique a xestión integrada de polígonos industriais, parques científicos e tecnolóxicos, zonas de actividade empresarial e viveiros de empresas."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra k) septimus, que terá o seguinte contido:

k) septimus. Favorecer a cultura empresarial e o espírito emprendedor, a responsabilidade social das empresas, a libre iniciativa e a competencia."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 4

Adición dunha nova letra k) octavus, que terá o seguinte contido:

"K) octavus. Deseñar estratexias de reestruturación das empresas e sectores en crise."

Emenda nº17, de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova letra i) bis, que terá o seguinte contido:

i) bis. Fomentar unha política industrial activa que promova os melhores valores e prácticas empresariais."

Emenda nº18, de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova letra i) ter, que terá o seguinte contido:

"i) ter. Xestionar, protexer e manter actualizada a información industrial de Galicia, xerando bases de datos homoxéneas, fiables, ordenadas e públicas, sen perzuizo da normativa vixente en materia de protección de datos."



Emenda nº19, de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo artigo 7 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 7 bis).

1. As consellarías da Xunta con competencias sobre materias que incidan na industria como avaliacións de impacto ambiental, planeamento urbanístico, promoción de solo industrial, deseño de plans de emerxencia, controis de seguridade alimentaria, de saúde pública, etc, coordinarán as súas iniciativas coa consellaría competente en materia de industria.
 2. Crease a Comisión Interdepartamental de Industria como órgano de coordinación das áreas con actividades que incidan na industria. O seu presidente será a persoa titular da consellaría con competencias en materia de industria. A composición será regulada por un decreto da Xunta.
 3. A comisión impulsará a simplificación normativa e procedural en relación coas empresas. A tal efecto establecerá os acordos necesarios con outras administracións públicas, e coas organizacións empresariais más representativas.
 4. A constitución e funcionamento da comisión, non suporá incremento do gasto público."
-

Emenda nº20, de Adición. Capítulo II

Débese engadir un novo capítulo II bis), que terá o seguinte título:

"Capítulo II bis). Da calidade industrial"

Emenda nº21, de Adición. Artigo 8



Débese engadir un novo artigo 8 bis), dentro do capítulo II bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 8. bis)

- 1) A Xunta impulsará sistemas de xestión da calidade nos servizos públicos vencellados ás actividades industriais e de servizos dirixidos á producción.
- 2) A consellaría competente en materia de industria promoverá a calidade industrial das empresas, co obxectivo de mellorar a competitividade, seguridade e calidade de procesos, produtos e servizos ofrecidos por estas.
- 3) A actividade de fomento da calidade industrial desenvolverase coa participación dos axentes sociais, económicos e dos sectores afectados."

Emenda nº22, de Adición. Artigo 8

Débese engadir in fine no punto 1, o seguinte texto:

"..., e da innovación, a transferencia tecnolóxica, a captación de investimentos e a mellora da produtividade."

Emenda nº23, de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto 1) bis, que terá o seguinte contido:

"1. bis). O Instituto Galego de Promoción Económica coordinará e xestionará a participación nas sociedades mercantís con incidencia no ámbito industrial, cuxas accións ou participacións sexan propiedade da Xunta ou dos seus organismos."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 8



Adición no punto 2. dunha nova letra c) bis, que terá o seguinte contido:

"c) bis. O fomento da creación de empresas, do espírito emprendedor e o impulso das actividades tecnolóxicas e de alto valor engadido."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 8

Débese engadir unha nova letra c) ter, no punto 2., que terá o seguinte contido:

"c) ter. A transferencia de coñecemento e a incorporación ao sector empresarial dos resultados da investigación e das novas tecnoloxías."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 8

Débese engadir no punto 2. unha nova letra c) quater, que terá o seguinte contido:

"c) quater. O pulo da capacidade e da demanda innovadora das empresas a medio de instrumentos que reforcen o capital, con apoio directo á investigación, o desenvolvemento e a innovación e co uso da compra pública innovadora."

Emenda nº27, de Adición. Artigo 8

No punto 2, débese engadir unha nova letra c) quintus, que terá o seguinte contido:

"c) quintus. O pulo da competitividade empresarial."

Emenda nº28, de Adición. Artigo 8

No punto 2, débese engadir unha nova letra c) sextus, que terá o seguinte contido:



c) sextus. O desenvolvemento da optimización da xestión dos recursos empresariais."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 8

No punto 2. débese engadir unha nova letra c) septimus, que terá o seguinte contido:

c) septimus. O pulo da calidade industrial, en colaboración coas empresas e os axentes sociais."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto 2. bis) que terá o seguinte contido:

"2. bis). Instrumentos. O Igape poderá utilizar, entre outros, os seguintes instrumentos de pulo da actividade industrial:

1. Subvencións a fondo perdido.
 2. Avais en garantía de préstamos ou créditos concedidos polas entidades financeiras.
 3. Investimentos directos e participacións no capital de empresas públicas ou privadas.
 4. Préstamos directos ou mediante convenios coas entidades financeiras colaboradoras.
 5. Subvencións dos intereses dos préstamos.
 6. Deducións, bonificacións ou reduccións fiscais, de acordo coas normas que as regulen.
 7. Convenios con entidades de capital-risco ou capital-investimento."
-

Emenda nº31, de Modificación. Artigo 9



O contido do artigo 9, débese substituír polo seguinte texto:

- "1. As administracións locais galegas, no ámbito das súas competencias e no marco da presente lei, poderán impulsar actuacións de política industrial dirixidas á captación de investimentos, implantación de empresas e servizos dirixidos á produción e promoción de solo empresarial.
2. A Xunta, no marco dos principios de lealdade institucional e cooperación interadministrativa, coordinará coas administracións locais as actuacións de política industrial e promoverá procedementos que axilicen a implantación de empresas."
-

Emenda nº32, de Adición. Artigo 13

Ao final da letra a), débese engadir o seguinte texto:

"... os proxectos Industriais estratéxicos, os plans estratéxicos presentados polos clústers e sobre os programas de impulso da actividade industrial: de innovación, de impulso, de internacionalización e de competitividade."

Emenda nº33, de Adición. Artigo 13

Débese engadir un novo punto f) bis, que terá o seguinte contido:

"f) bis, Propoñer melloras dos instrumentos de política industrial que incrementen a súa eficacia e adaptación á evolución económica."

Emenda nº34, de Adición. Artigo 13

Adición dunha nova letra f) ter, que terá o seguinte contido:

"f) ter. Identificar e difundir exemplos de boas prácticas de transformación industrial."

Emenda nº35, de Adición. Artigo 15

Engadir in fine, na letra a) do punto 3, o seguinte texto:

"... . Un dos nomeamentos recaerá no director do Igape."

Emenda nº36, de Modificación. Artigo 15

O texto da letra c), do punto 3, débese substituír polo seguinte:

"c) "Seis persoas propostas polas organizacións sindicais galegas más representativas ao abeiro do artigo 2 da Lei 17/2008."

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 15

O contido da letra d) no punto 3, débese substituír polo seguinte texto:

"d) Seis persoas propostas polas organizacións empresariais intersectoriais más representativas ao abeiro do artigo 2 da Lei 17/2008."

Emenda nº38, de Substitución. Artigo 15

O contido da letra e) no punto 3 débese substituír polo seguinte texto:

"Dúas persoas propostas polas entidades locais galegas a través da súa entidade galega más representativa."

Emenda nº39, de Adición. Artigo 15

Adición dunha nova letra e) bis, que terá o seguinte contido:

"e) bis) Dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito do estudo e análise das políticas industriais, propostas polas universidades de Galicia."

Emenda nº40, de Adición. Artigo 15

Adición dunha nova letra e) ter, que terá o seguinte contido:

" e) ter. Dúas persoas propostas polas corporacións de dereito público que disciplinen profesións vinculadas ao ámbito industrial, propostos pola organización máis representativa que as agrupe ."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 18

Adición dunha nova letra c) bis, que terá o seguinte contido:

"c) bis. Desenvolverán proxectos que contribúan á creación, acumulación e difusión de coñecemento."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 18

Adición dunha nova letra c) ter, que terá o seguinte contido:

"c) ter, Tenderán á mellora da produtividade a través dunha maior especialización e complementariedade entre as actividades dos seus asociados."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 18

Adición dunha nova letra c) quater, que terá o seguinte contido:

"c) quater. Impulsarán a innovación a través da investigación convxunta."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 21

Adición dun novo punto 2. bis) que terá o seguinte contido:

"2. bis) O devandito estudo será comunicado ao Parlamento para o seu debate"

Emenda nº45, de Adición. Artigo 24

No punto 2., débese engadir unha nova letra h) bis, que terá o seguinte contido:

"h) bis, A descripción e análise do mapa industrial de Galicia e das infraestruturas de apoio á industria e aos servizos dirixidos á producción."

Emenda nº46, de Adición. Artigo 24

No punto 2., débese engadir unha nova letra h) ter, que terá o seguinte contido:

"h) ter, A enumeración e descripción dos programas de apoio á actividade industrial desenvoltos por outras administracións."

Emenda nº47, de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto 5. bis), que terá o seguinte contido:

"5. bis). O Plan director de industria será comunicado ao Parlamento para o seu debate, previo á aprobación polo Consello da Xunta."

Emenda nº48, de Adición. Artigo 27

Débese engadir in fine o seguinte texto:

".... . En todo caso darase conta ao Consello Galego de Industria, que emitirá informe previo á aprobación polo Consello da Xunta."



Emenda nº49, de Adición. Artigo 31

No punto 2. débese engadir unha nova letra g) bis, que terá o seguinte contido:

"g) bis, A especialización en actividades de maior demanda, valor engadido e intensidade tecnolóxica."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 34

Débese engadir un novo punto 1 bis) que terá o seguinte contido:

"1 bis) Os programas de impulso da actividade industrial serán sometidos a informe previo do Consello Galego de Industria."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 35

Débese engadir in fine o seguinte texto:

"..., en todo caso darase conta ao Consello Galego de Industria, que emitirá previamente o seu informe."

Emenda nº52, de Supresión. Capítulo III

Débese suprimir

Emenda nº53, de Supresión. Artigo 40

Débese suprimir

Emenda nº54, de Modificación. Artigo 40

No caso de non ser aprobada a emenda anterior débese substituír no punto 2, a expresión que figura ao final: "... terase en conta ...", pola seguinte: "... deberá xustificarse:"



Emenda nº55, de Modificación. Artigo 40

En caso de non aprobase a emenda nº 53 deberase substituír no punto 2., o contido da letra a), polo seguinte texto:

"a) A súa importancia tecnolóxica e xeración de valor engadido, e "

Emenda nº56, de Supresión. Artigo 41

Débese suprimir

Emenda nº57, de Modificación. Artigo 41

En caso de non aceptarse a emenda anterior, Débese substituír no punto 1, o texto da letra e), polo seguinte contido:

"e) Os documentos ambientais que resulten esixibles."

Emenda nº58, de Supresión. Artigo 41

En caso de non aceptarse a emenda nº 56, débese substituír, no punto 1, letra f) a palabra: "...inmobilés ...", por: "... bens ..."

Emenda nº59, de Supresión. Artigo 41

En caso de non aceptarse a emenda número 56, débese suprimir, na segunda liña do punto 4, a expresión: "... de quince días ..."

Emenda nº60, de Supresión. Artigo 41

En caso de non aceptarse a emenda número 56, débese suprimir no punto 4, dende : "... . No caso de que se trate ...", ata o final.



Emenda nº61, de Modificación. Artigo 41

En caso de que non se acepte a emenda número 56, no punto 5, débese substituír a expresión: "... quince días ...", por: "... un mes ..."

Emenda nº62, de Adición. Artigo 41

En caso de non aceptarse a emenda número 56, débese engadir, na primeira liña, punto 6, logo de: "... desconformidade ...", a seguinte frase: "... e logo dos trámites oportunos para lograr a súa legalidade ..."

Emenda nº63, de Adición. Artigo 41

En caso de non aceptar a emenda número 56, débese engadir no punto 7, na primeira liña, despois de: "... en materia de industria ...", o seguinte texto: "... previa comprobación da legalidade vixente, ..."

Emenda nº64, de Adición. Artigo 41

De non aceptarse a emenda número 56, cuarta liña, despois de: "... instalación industrial, ...", débese engadir o seguinte texto: "... para a tramitación das licenzas municipais e demais trámites correspondentes ,,".

Emenda nº65, de Supresión. Artigo 42

Débese suprimir o artigo 42

Emenda nº66, de Supresión. Artigo 42



En caso de non aceptar a emenda 65, débese suprimir a letra a) do punto 1.

Emenda nº67, de Supresión. Artigo 42

En caso de non aceptar a emenda número 65, débese suprimir a letra b) do punto 1.

Emenda nº68, de Supresión. Artigo 42

En caso de non aceptar a emenda número 65, débese suprimir a letra f) do punto 1.

Emenda nº69, de Modificación. Artigo 42

En caso de non aceptar a emenda número 65, débese substituír o contido da letra h) no punto 1, polo seguinte texto:

"h) Ponderación singular nas convocatorias de subvencións."

Emenda nº70, de Supresión. Artigo 42

En caso de non aceptarse a emenda número 65, débese suprimir o punto 2.

Emenda nº71, de Adición. Disposición adicional terceira

Débese engadir unha nova disposición adicional terceira bis) que terá o seguinte contido:

1. Autorizase ao Consello da Xunta de Galicia a proceder a integración no Instituto Galego de Promoción Económica, dos seguintes organismos:
 - a) Sociedade Pública Galicia Calidade
 - b) BIC, Centro Europeo de Empresas e Innovación
 - c) Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia



- d) CIS de Tecnoloxía e Deseño
- e) CIS da Madeira
- f) Laboratorio Oficial de Metroloxía
- g) Instituto de Enerxía de Galicia

2. As súas funcións, recursos, e créditos orzamentarios integraranse no Instituto Galego de Promoción Económica.

3. A consellaría competente en materia de función pública, respectando os dereitos dos traballadores afectados, ordenará a integración do persoal na estrutura da Xunta e dos seus organismos, de acordo cos principios de legalidade e idoneidade "

:

Emenda nº72, de Adición. Disposición adicional terceira

Débese engadir unha nova disposición adicional terceira ter), que terá o seguinte contido:

1. Autorizase á Xunta de Galicia a integrar nunha única Sociedade ás Sociedades actualmente existentes de Sodiga Galicia, S.C.R., Xes Galicia S.G.E.C.R., S.A. e Inversión Estratégicas de Galicia, S.A.

2. Facúltase a Xunta de Galicia para que estableza o réxime e destino do patrimonio e do persoal das Sociedades existentes devanditas de acordo co previsto nesta disposición adicional, así como a levar a cabo as actuacións co resto do accionariado en orde a posibilitar a súa permanencia, no seu caso, na nova Sociedade.

3. O patrimonio, incluídas as participacións, destas sociedades integrarase no patrimonio da nova sociedade, de acordo co previsto na normativa aplicable en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma galega."

4. A Xunta de Galicia establecerá os mecanismos de coordinación necesarios para levar a cabo unha actuación uniforme e coherente entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Sociedade creada por fusión das existentes, de acordo co establecido nesta disposición..

5. O persoal que presta os seus servizos nas sociedades devanditas baixo unha modalidade de contrato laboral fixo, terá



a opción de integrarse e pasar a prestar servizos, baixo a mesma modalidade contractual e na mesma categoría profesional e nas restantes condicións laborais, no Instituto Galego de Promoción Económica ou na nova sociedade creada por fusión das existentes, de acordo co disposto nesta disposición."

Emenda nº73, de Adición. Disposición adicional terceira

Adición dunha nova disposición adicional quater) que terá o seguinte contido:

"Facúltase á Consellería de Facenda, a proposta da consellería competente en materia de industria, a aprobar as modificacións orzamentarias previstas para levar a efecto o previsto nesta lei, incluídas as relativas aos orzamentos de explotación e capital dos organismos e das sociedades públicas afectadas."

Emenda nº74, de Adición. Disposición transitoria única

Adición dunha nova disposición transitoria bis), que terá o seguinte contido:

"No prazo máximo de seis meses levarase a cabo o proceso de fusión de organismos e sociedades as que se refire a nova disposición adicional terceira ter, desta lei."

Emenda nº75, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir o punto 11.

Emenda nº76, de Supresión. Exposición de motivos

No número 1 da exposición de motivos, débese suprimir o parágrafo 6.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2011 10:00
Nº Rexistro: 72245
Data envio: 14/10/2011 20:38:11

Emenda nº77, de Supresión. Exposición de motivos

No número 2 da exposición de motivos débese suprimir o parágrafo 6.

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/10/2011 20:36:35



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscrípcións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727